

APELIDOS E NOME: _____ CUALIFICACIÓN: _____

COMPRENSIÓN ORAL: A XERACIÓN NÓS <https://www.youtube.com/watch?v=kZKHGO30-LM> (Primeiros 9 minutos)

MARCA A RESPONSTA CORRECTA (só unha)

1. **En que década nacen** os escritores da Xeración Nós?

- 1880-1890
- 1870-1880
- 1890-1900
- 1900-1910

2. Que **outra denominación** recibía o **Grupo Nós**?

- Irmandades da Fala
- Grupo de irmáns
- Cenáculo ourensán
- Cenáculo Nós

3. **Como se chaman os escritores** que pertencen ao **Grupo Nós**?

- Ramón Otero Pedrayo, Cuevillas e Ramón Cabanillas.
- Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco.
- Castelao, Vicente Risco e Ramón Vilar Ponte.
- Florentino López Cuevillas, Castelao e Vicente Risco.

4. **Quen dirixía** a revista **Nós**?

- Vicente Risco
- Florentino López Cuevillas
- Ramón Cabanillas
- Ramón Otero Pedrayo

5. Como foi a **evolución ideolóxica** dos membros da Xeración Nós (menos a de Castelao)?

- Pasaron dunha 1ª etapa galeguista (máis abertamente galeguistas) a outra en que se fixaban máis en Europa
- Pasaron dunha 1ª etapa en que se fixaban máis en Galicia a outra en que se consideraban inadaptados
- Pasaron dunha 1ª etapa galeguista a outra europeísta
- Pasaron dunha 1ª etapa de inadaptados (fixábanse en Europa e noutras culturas) a outra en que se fixaban máis en Galicia (máis abertamente galeguistas)

6. Cal era a **intención da súa literatura**?

- Afán didáctico, modernizador e universalista
- Afán modernizador, tradicionalista e universalista
- Afán didáctico, modernizador e galeguista
- Afán didáctico, modernizador e universalista

7. **Que non é un tema recorrente** na obra de **Otero Pedrayo**?

- A tradición como sabedoría acumulada ao longo dos anos e de xeracións
- A fidalguía (como unha clase ideal que representaba os ideais galeguistas fronte á burguesía castelanizadora)
- A vila como centro de consolidación do galeguismo
- A paisaxe (dotada de vida e que gobernaba a vida do home)

8. Unha **novela realista** de Otero Pedrayo **que falaba da Galicia do século XIX** é...
- *Os camiños da vida* (narra a historia de dúas familias fidalgas)
 - *Os dous de sempre* (narra a historia de dúas familias fidalgas)
 - *O porco de pé* (narra a historia de dúas familias fidalgas)
 - *Sempre en Galiza* (narra a historia de dúas familias fidalgas)
9. Unha **novela culturalista** de Otero Pedrayo que reflicte a **evolución da conciencia galeguista** é...
- *Os camiños da vida* (o protagonista, Adrián Solovio, é un trasunto de Otero)
 - *Sempre en Galiza* (narra a historia de dúas familias fidalgas)
 - *Da terra asoballada* (narra a historia de dúas familias fidalgas)
 - *Arredor de si* (o protagonista, Adrián Solovio, é un trasunto de Otero)
10. Entre as **novelas de tema histórico** de Ramón Otero Pedrayo destaca...
- *A romería de Xelmírez*
 - *Os camiños da xente*
 - *Imos de romería con Xelmírez*
 - *Os dous de sempre*
11. Cales foron as **etapas ideolóxicas de Vicente Risco**?
- Ultraconservadora, pregaleguista e nacionalista
 - Pregaleguista, nacionalista e universalista
 - Pregaleguista, non galeguista e nacionalista
 - Pregaleguista, nacionalista e non galeguista ou ultraconservadora
12. Como se titula o seu **relato esotérico**?
- *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*
 - *Un ollo de vidro*
 - *Do caso que lle aconteceu a Adrián Solovio*
 - *A romería de Xelmírez*
13. Como se titula a **única novela longa de Risco**?
- *A romería de Xelmírez*
 - *O porco de pé*
 - *Os dous de sempre*
 - *Xente ao lonxe*
14. Cal é a **principal característica do estilo de Risco**?
- Mostraba os personaxes con tenrura
 - Mostraba o tempo de xeito simbólico
 - Mostraba os espazos de xeito caricaturesco
 - Mostraba os personaxes de xeito caricaturesco
15. **Pertencía Castelao ao Grupo Nós**?
- Non, pertencía á Xeración Nós.
 - Si, xunto con Risco e Otero Pedrayo
 - Non, pertencía ao Cenáculo ourensán
 - Si, xunto con Vicente Risco e Cuvillas